

**ACTA NUMERO TRES DAS CELEBRADAS POLA CORPORACIÓN MUNICIPAL EN  
PLENO DESTE CONCELLO EN SESIÓN EXTRAORDINARIA O DÍA CATORCE DE  
AGOSTO DE DOUS MIL SETE : -----**

=====

**PRESIDENTE:**

D<sup>a</sup>. Catalina González Bea

**CONCELLEIROS:**

D. Salvador Durán Bermúdez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Paz Lago Martínez  
D. Angel Casal Moldes  
D. Constantino Sanmartín Quiñones  
D<sup>a</sup> Almudena Aguín Fernández  
D. Manuel López Méndez  
D<sup>a</sup> Susana Fernández Trelles  
D. Martín Otero Otero  
D. Roberto-Alfonso Fernández Lores  
D<sup>a</sup> Gloria González Camiña  
D. David Otero Domínguez  
D<sup>a</sup> Sandra Fernández Agraso  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Dulcinea Aguín Pombo  
D. Manuel Lores Puente  
D. José-Ramón López Fernández  
D. José-Luis Rodríguez Lorenzo

**INTERVENTOR:**

D. José – Juan Vidal Vilanova

**SECRETARIO:**

D. Luis – Ángel Sabariz Rolán.  
=====

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as vinte horas e trinta e seis minutos do día catorce de Agosto de dous mil sete.- Baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa D<sup>a</sup>. CATALINA GONZÁLEZ BEA, reuníronse no Salón de Sesións os Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan co fin de celebra-la sesión Extraordinaria da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta e pública a sesión, ó obxecto de trata-los asuntos incluídos dentro da Orde do Día da convocatoria circulada ó efecto. Faise consta-lo momento de entrada e saída de cada Concelleiro no Salón de Sesións.-----  
-----

**ACTA ANTERIOR :**

**41 : APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN  
CELEBRADA O DÍA 31 DE XULLO DE 2007 :** Pola Sra. Presidenta pregúntaselle os asistentes á sesión se algún Concelleiro ten que formular algunha observación á acta que se somete a aprobación.

Ó non se formular ningunha observación, por asentimento unánime, préstase aprobación á devandita acta.-----

Nestres intre cando son as 20,39 horas incorporase á sesión o **Sr. Interventor D. José – Juan Vidal Vilanova**, que pasa a ocupar seu posto.-----

**42 : EXPTE. NÚM. U-797/06 DE D. JOSÉ – LUIS SOTO IGLESIAS. APROBACIÓN DEFINITIVA DO “ESTUDIO DE DETALLE PARA ORDENACIÓN DE VOLUMES DE PARCELAS, EN VINQUIÑO – PADRIÑÁN” : Polo Sr. Secretario dáse lectura o ditame da Comisión de Estudo, Informe ou Consulta de Urbanismo que literalmente di:**

“”””2º) EXPTE . Nº U-797/06 DE D. JOSÉ – LUIS SOTO IGLESIAS. APROBACIÓN DEFINITIVA DO “ESTUDIO DE DETALLE PARA ORDENACIÓN DE VOLUMES DE PARCELAS, EN VINQUIÑO – PADRIÑÁN”: Dáse conta do expediente ós asistentes, así como da proposta do xerente municipal de urbanismo de 27 de Xullo de 2007 que literalmente di:

“”””Rafael Vázquez Abal, Xerente de Urbanismo da Xerencia Municipal do Concello de Sanxenxo, por Resolución da Sra. Alcaldesa-Presidenta de data de 15 de xaneiro de 2007.

Á vista de:

- “ESTUDIO DE DETALLE”, redactado polo Arquitecto D. Carlos Caamaño Rivas, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia en data 07/11/06.
- Informe do Arquitecto Municipal de data 22/12/2006.
- Informe emitido pola Secretaría Xeral en data 04/01/2007.
- Acordo da Xunta de Goberno Local, de data 08/02/2007, prestando APROBACIÓN INICIAL ó Estudio de Detalle.
- Trámite de Información pública, mediante anuncios inseridos no Faro de Vigo de 27/02/2007, no B.O.P. Nº 49 de 09/03/2007 e no D.O.G. Nº 59 de 23/03/2007.
- Certificación da Secretaría Xeral de data 20/06/2007, acreditativa da presentación de tres escritos de alegacións, como resultado do trámite de información pública.
- Informe do Arquitecto Municipal de data 27/06/2007.
- Informe da asesora xurídica de data do 17/07/2007.

Considerando que ao abeiro do establecido na Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, nos termos da modificación pola Lei 15/2004, apartado 1, letra a), ao solo urbano dos municipios con Plan Xeral de Ordenación Municipal adaptado á Lei 1/1997, do Solo de Galicia, aplicaráselle o disposto nesa Lei para o solo urbano, sen prexuízo de respecta-la ordenación establecida no planeamento en vigor.

Considerando que ó abeiro do disposto no artigo 29.1.g) dos “Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Sanxenxo”, entre das facultades do Xerente atópase a propoñe-la aprobación dos instrumentos de planeamento de desenrolo e de xestión urbanística.

E que ó abeiro do disposto no artigo 21.1.b) dos “Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Sanxenxo”, entre das facultades do Consello da Xerencia, atópase a de elevar ó Pleno do Concello proposta de resolución respecto da aprobación definitiva dos instrumentos de ordenación urbanística.

En consecuencia, e á vista de todo o anteriormente exposto,





**PRIMEIRO:** Desestimar as alegacións presentadas por D<sup>a</sup>. Ana M<sup>a</sup> Domínguez Otero, D<sup>a</sup>. Isabel Martínez Otero, D. Luís Seijas Amado e D. Miguel Seijas Martínez e D<sup>a</sup>. Araceli Padín González de conformidade cos informes antes transcritos, emitidos polo arquitecto municipal e asesora xurídica.

**SEGUNDO:** Aprobar definitivamente o " ESTUDO DE DETALLE PARA ORDENACIÓN DE VOLUMES DE PARCELAS, EN VINQUIÑO – PADRIÑÁN", tramitado a instancia de D. JOSÉ – LUIS SOTO IGLESIAS, segundo documentación técnica presentada, redactada polo arquitecto D. Carlos Caamaño Rivas con data de visado do 7 de Novembro de 2006.

**TERCEIRO:** Publicar este acordo no "Diario Oficial de Galicia" e no "Boletín Oficial da Provincia", debéndose publicar neste último as características urbanísticas deste plan parcial; e notificar persoalmente ós propietarios directamente afectados, con indicación dos recursos procedentes.

**CUARTO:** Nese anuncio de aprobación definitiva farase constar a comunicación do acordo á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, e do traslado á mesma de copias autenticadas de dous exemplares do instrumento, coa dilixencia da secretaria xeral de aprobación definitiva.

**QUINTO:** Levanta-la suspensión do outorgamento de licenzas que se acordara na aprobación inicial"''''''.

Sometido o asunto a votación acadouse o seguinte resultado:

**Votos a favor: 10 (Grupos Municipais do PP e Mixto).**

**Abstencións: 7 (Grupos Municipais do B.N.G e Socialistas de Sanxenxo ).**

En consecuencia, a Corporación Municipal en Pleno, por maioría, adoptou o seguinte acordo:

**PRIMEIRO:** Desestimar as alegacións presentadas por D<sup>a</sup>. Ana M<sup>a</sup> Domínguez Otero, D<sup>a</sup>. Isabel Martínez Otero, D. Luís Seijas Amado e D. Miguel Seijas Martínez e D<sup>a</sup>. Araceli Padín González de conformidade cos informes antes transcritos, emitidos polo arquitecto municipal e asesora xurídica.

**SEGUNDO:** Aprobar definitivamente o " ESTUDO DE DETALLE PARA ORDENACIÓN DE VOLUMES DE PARCELAS, EN VINQUIÑO – PADRIÑÁN", tramitado a instancia de D. JOSÉ – LUIS SOTO IGLESIAS, segundo documentación técnica presentada, redactada polo arquitecto D. Carlos Caamaño Rivas con data de visado do 7 de Novembro de 2006.

**TERCEIRO:** Publicar este acordo no "Diario Oficial de Galicia" e no "Boletín Oficial da Provincia", debéndose publicar neste último as características urbanísticas deste plan parcial; e notificar persoalmente ós propietarios directamente afectados, con indicación dos recursos procedentes.

**CUARTO:** Nese anuncio de aprobación definitiva farase constar a comunicación do acordo á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, e do traslado á mesma de copias autenticadas de dous exemplares do instrumento, coa dilixencia da secretaria xeral de aprobación definitiva.

**QUINTO:** Levanta-la suspensión do outorgamento de licenzas que se acordara na aprobación inicial.-----



A **Sra. presidenta** tras consultar co Sr. Xerente de Urbanismo informou que o Estudo de Detalle desenrolase en Xuncabranca – Vilalonga.

Non se produce debate, e a presidencia somete a votación o asunto (sistema de voto ponderado acordado polo concello Pleno en sesión de 09/07/2007) acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: **8 (Grupo Municipal do PP e Sra. presidenta).**

**Abstencións: 6 (Grupo Municipal do BNG, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).**

En consecuencia, a **Comisión de Estudo, Informe e Consulta de Urbanismo**, por maioría, acorda propoñer ó Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO:** Aprobar definitivamente o "ESTUDO DE DETALLE PARA ORDENACIÓN DE VOLUMES DUN EDIFICIO DE SOTO, PLANTA BAIXA, UN ANDAR E BAIXO CUBERTA, PARA 12 VIVENDAS, EN XUNCABRANCA – VILALONGA", tramitado a instancia da mercantil "PROMOCIONES VILLACUNTIS, S.L.", segundo documentación técnica presentada, redactada polo arquitecto D<sup>a</sup>. Mercedes Muñoz Jaureguiualzo, con visado colexial de 12 de Decembro de 2006.

**SEGUNDO:** Publicar este acordo no "Diario Oficial de Galicia" e no "Boletín Oficial da Provincia", debéndose publicar neste último as características urbanísticas deste estudo de detalle; e notificar persoalmente ós propietarios directamente afectados, con indicación dos recursos procedentes.

**TERCEIRO:** Nese anuncio de aprobación definitiva farase constar a comunicación do acordo á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, e do traslado á mesma de copias autenticadas de dous exemplares do instrumento, coa dilixencia da secretaría xeral de aprobación definitiva.

**CUARTO:** Levanta-la suspensión do outorgamento de licenzas que se acordara na aprobación inicial"-----".

Sometido o asunto a votación acadouse o seguinte resultado:

Votos a favor: **10 (Grupos Municipais do PP e Mixto).**

**Abstencións: 7 (Grupos Municipais do B.N.G e Socialistas de Sanxenxo ).**

En consecuencia, a Corporación Municipal en Pleno, por maioría, adoptou o seguinte acordo:

**PRIMEIRO:** Aprobar definitivamente o "ESTUDO DE DETALLE PARA ORDENACIÓN DE VOLUMES DUN EDIFICIO DE SOTO, PLANTA BAIXA, UN ANDAR E BAIXO CUBERTA, PARA 12 VIVENDAS, EN XUNCABRANCA – VILALONGA", tramitado a instancia da mercantil "PROMOCIONES VILLACUNTIS, S.L.", segundo documentación técnica presentada, redactada polo arquitecto D<sup>a</sup>. Mercedes Muñoz Jaureguiualzo, con visado colexial de 12 de Decembro de 2006.

**SEGUNDO:** Publicar este acordo no "Diario Oficial de Galicia" e no "Boletín Oficial da Provincia", debéndose publicar neste último as características urbanísticas deste estudo de detalle; e notificar persoalmente ós propietarios directamente afectados, con indicación dos recursos procedentes.

**TERCEIRO:** Nese anuncio de aprobación definitiva farase constar a comunicación do acordo á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, e do traslado á mesma de copias autenticadas de dous exemplares do instrumento, coa dilixencia da secretaría xeral de aprobación definitiva.

**CUARTO:** Levanta-la suspensión do outorgamento de licenzas que se acordara na aprobación inicial.-----

--

**44 : PROPOSTA DE DESAFECTACIÓN DEFINITIVA DE VÍA PÚBLICA ENTRE A RÚA DE VIGO E NOVO VIAL : Polo Sr. Secretario dáse lectura o ditame da Comisión Informativa de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio, que literalmente di :**

**3.- PROPOSTA DE DESAFECTACIÓN DEFINITIVA DE VÍA PÚBLICA ENTRE A RÚA DE VIGO E NOVO VIAL-** Polo secretario dase lectura á proposta da alcaldía que, literalmente, di:

“Con data 03/11/06, o concello pleno acordou iniciar un expediente de desafectación dun tramo do camiño de dominio público (324 m<sup>2</sup>) situado en Vicaño, entre a rúa Vigo e a rúa de nova apertura prevista no PXOM entre o solo urbano e a delimitación do PEI-13, tendo en conta que os fins públicos deixan de existiren e que o propio PXOM non contempla a construción dunha rúa sobre o mesmo.

De acordo co artigo 8.2 do RD 1372/1986, do 13 de xuño (regulamento de bens das entidades locais), o expediente foi exposto ó público polo prazo dun mes, mediante a publicación no BOP nº 224 do 22/11/06, no xornal “Faro de Vigo” de 11/01/07 e no DOG nº 31 do 13/02/07.

Presentáronse tres escritos de alegacións, que son os seguintes:

- D. Guillermo M. Díaz Martínez, con escrito de entrada núm. 8339 do 20/12/06 no que argumenta que “o non uso” que consta no expediente motivouno a execución dunha obra do constructor, e que cando o PEI-13 estea completamente desenrolado e haxa outras alternativas ó camiño, se negocie unha permuta do vial por terreos de uso público que repercutan en beneficio de Sanxenxo, en lugar de levar a cabo unha poxa.

- D. Carlos García Velasco, con rexistro de entrada núm. 8529 do 29/12/06 que fai referencia ó erro existente nos anuncios publicados, xa que o camiño non está incluído no ámbito do PEI-13.

- D. Francisco Álvarez Montero, con rexistro de entrada núm. 312 do 19/01/07, que incide tamén no erro padecido e xa exposto polo Sr. García Velasco.

En relación coas alegacións de D. Carlos García Velasco e de D. Francisco Álvarez Montero queda perfectamente claro, segundo informe do arquitecto municipal de 23/07/07, que a superficie integra do camiño en cuestión se atopa clasificada como solo urbano consolidado (ordenanza 3) e fóra do ámbito do PEI-13.

En relación con esta alegación, infórmouse que debe rexeitarse a mesma en canto ó expediente de desafectación en si, pois para acceder a solicitude de permuta do Sr. Díaz Martínez é necesaria tamén a desafectación pois os bens de dominio público son inalienables (art. 5 do RD 1372/1986, do 13 de xuño) e para enaxenalos precísase convertelos antes en bens patrimoniais mediante o instrumento de desafectación.

De tódolos xeitos, este é un expediente para transformar o camiño en ben patrimonial, sen decidirse o destino posterior neste punto.

De acordo co informe emitido pola secretaría no día de hoxe, corresponde ó pleno, por razóns de oportunidade, entrar a valora-lo desuso e se convén ou non conservar este camiño, engadindo o funcionario que de conservarse, deberíase estudar a aprobación dun instrumento de planeamento para dar maior anchura ó camiño, pois un paso estreito entre edificacións en solo urbano consolidado, pode causar problemas de falla de luz diurna, tránsito rodado, limpeza, etc.

Analizado o expediente, considerando moito máis favorable para os intereses municipais, desafectar o terreo de dominio público, esta alcaldía, propón ó Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO:** desafectar definitivamente un tramo de camiño público situado en Vicaño, entre a rúa Vigo e a rúa de nova apertura prevista no PXOM entre o solo urbano e a delimitación do PEI-13 que ten unha superficie de 324 m<sup>2</sup>.

En consecuencia este terreo de titularidade municipal, e que estaba considerado ben de uso público local, pasa a seren considerado ben patrimonial.

**SEGUNDO:** rexeitar, en consecuencia, as alegacións presentadas.”

O sr. Fernández Lores manifestou que, como este camiño continuaría ata algún sitio, quería saber en que situación quedaría o trozo que non se desafecta e que queda incluído no P.E.I. 13.

A alcaldesa manifestou que nos instrumentos de planeamento, se o Concello aparece como titular de parcelas, tense en conta na

distribución. Engadíu que o Concello non regala nada.

O sr. Fernández Lores manifestou que dubidaba que as afirmacións da alcaldesa se tiveran en conta no desenvolvemento de algún S.U. (en concreto citou o S.U. 11)

A alcaldesa manifestou que tanto no S.U. 11 como en outros instrumentos urbanísticos se ten en conta se o Concello é titular de parcelas ou camiños.

Sometido a asunto a votación (sistema de voto ponderado acordado polo Concello Pleno na sesión do 09.07.07) ofrece o seguinte resultado:

Votos a favor: Nove (Grupo municipal do P.P., grupo mixto e alcaldesa)

Votos en contra: Tres (Grupo municipal do B.N.G.)

Votos pola abstención: Dous (Grupo municipal socialista de Sanxenxo)\*\*\*\*\*.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** manifestou que non vai apoiar normalmente que o Concello se desfaga de patrimonio, pero que neste caso resulta moi oportuno facelo pois senón o terreo que se trata de desafectar só quedaría como un “incordio” unha vez desenrolado o planeamento urbanístico na zona. Anunciou así o seu voto favorable.

Sometido o asunto a votación, adaptouse o acordo proposto no ditame.- Houbo **10 votos a favor (Grupos Municipais do PP e Mixto); 4 en contra (Grupo Municipal do B.N.G), e 3 abstencións (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo )**.-----

-

**45 : PROPOSTA DA ALCALDÍA DE INCOACIÓN DE EXPEDIENTE DE ALLEACIÓN PATRIMONIAL ENTRE A RÚA DE VIGO E NOVO VIAL : Polo Sr. Secretario dáse lectura o ditame da Comisión Informativa de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio, que literalmente di :**

**\*\*\*\*\*4 - PROPOSTA DA ALCALDÍA DE INCOACIÓN DE EXPEDIENTE DE ALLEACIÓN PATRIMONIAL ENTRE A RÚA DE VIGO E NOVO VIAL.-**

Deuse lectura a proposta da alcaldía que, literalmente, di:

“Decidido polo Pleno a desafectación do uso público dun antigo camiño de 324 m<sup>2</sup> que pasa a ser un ben patrimonial, considérase moi positivo para o concello dende tódolos puntos de vista a súa venda polo sistema de poxa conforme establece o artigo 80 do RDL 781/1986.

En consecuencia, esta alcaldía propón ó Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro:** allear a parcela de 324 m<sup>2</sup> situada entre Rúa Vigo e o novo vial polo sistema de poxa pública, cun prezo de saída de 306.493,56 euros, segundo a valoración feita polo arquitecto municipal con data 23/07/07.

**Segundo:** delegar na alcaldía toda a tramitación e resolución do expediente administrativo de venda, tendo en conta que é unha competencia delegable en base ó disposto no artigo 22.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, que posibilita ó Pleno delegar a competencia prevista no artigo 22.2.o) do citado texto legal.”

Sometido a asunto a votación (sistema de voto ponderado acordado polo Concello Pleno na sesión do 09.07.07) ofrece o seguinte resultado:

Votos a favor: Nove (Grupo municipal do P.P., grupo mixto e alcaldesa)

Votos en contra: Tres (Grupo municipal do B.N.G.)

Votos pola abstención: Dous (Grupo municipal socialista de Sanxenxo)\*\*\*\*\*.

Sometido o asunto a votación, adaptouse o acordo proposto no ditame.- Houbo **10 votos a favor (Grupos Municipais do PP e Mixto); 4 en contra (Grupo Municipal do B.N.G), e 3 abstencións (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo )**.-----

-

**46 : MODIFICACIÓN DE ASIGNACIONES ECONÓMICAS OU RETRIBUTIVAS DOS CARGOS ELECTOS CON DEDICACIÓN EXCLUSIVA E PARCIAL :** Antes de entrar a debater este punto o **Sr. Rodríguez Lorenzo** presentou unha emenda ó ditame da Comisión Informativa de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio, entregando o documento á presidencia que solicitou ó concelleiro do Grupo Mixto que asinase o texto da emenda pois non se apreciaba sinatura algunha.

Polo **Sr. Secretario** dáse lectura o ditame da Comisión Informativa de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio, que literalmente di :

**“”””2.- MODIFICACIÓN DE ASIGNACIONES ECONÓMICAS OU RETRIBUTIVAS DOS CARGOS ELECTOS CON DEDICACIÓN EXCLUSIVA E PARCIAL.-** Polo secretario dase lectura de orde da presidencia da seguinte proposta da alcaldía que copiada literalmente di:

“O equipo de goberno do Concello de Sanxenxo, asumindo a proposta realizada polo Partido Popular de Galicia sobre a conveniencia de reformar a lexislación local co fin de fixar as retribucións dos alcaldes e concelleiros, atendendo a criterios de poboación e de orzamento municipal, presenta perante o Pleno corporativo a proposición da modificación de asignacións económicas ou retributivas aos cargos electos con dedicación exclusiva e parcial, aprobadas na sesión plenaria do 09.07.07.

Dado que desde este equipo de goberno se considera fundamental como un exercicio de honestidade e transparencia política que os cidadáns coñezan en todo momento as cantidades totais que perciben os membros do goberno local, as contías que se someterán a votación inclúen as retribucións polas dedicacións correspondentes dos concelleiros e tamén por asistencia a plenos, consellos, comisións e xuntas. No caso da alcaldesa de Sanxenxo o seu soldo comprende ademais a súa labor como presidenta dos O.A. Terra de Sanxenxo e Xerencia de urbanismo, e como presidenta das sociedades mercantís Nauta Sanxenxo, S.L. e Ínsula Sanxenxo, S.L., así como a súa pertenza a outras entidades.

Por todo isto propónse adoptar o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar as modificacións de asignacións económicas ou retributivas aos cargos electos con dedicación exclusiva e parcial como segue:

| NOVA PROPOSTA |                           |            |                             |                 |               |                 |                         |  |
|---------------|---------------------------|------------|-----------------------------|-----------------|---------------|-----------------|-------------------------|--|
| Nº            | NOMBRE                    | DEDICACIÓN | DELEGACIÓN                  | IMPORTE MENSUAL | IMPORTE ANUAL | líquido mensual | líquido mensual pesetas | TOTAL AÑO 2007 NUEVA PROPUESTA LÍQUIDO |
| 1             | González Bea, Catalina    | Exclusiva  | Alcaldía                    | 4.600,00 €      | 64.400,00 €   | 3.212,24 €      | 534.471,00              | 16.061,20 €                            |
| 2             | Casal Moldes Ángel        | Exclusiva  | Urbanismo                   | 3.400,00 €      | 47.600,00 €   | 2.426,24 €      | 403.692,00              | 12.131,20 €                            |
| 3             | Lago Martínez, Mª Paz     | Exclusiva  | Cultura                     | 3.400,00 €      | 47.600,00 €   | 2.426,24 €      | 403.692,00              | 12.131,20 €                            |
| 4             | Aguín Fernández, Almudena | Exclusiva  | Turismo                     | 3.100,00 €      | 43.400,00 €   | 2.257,24 €      | 375.573,00              | 11.286,20 €                            |
| 5             | Otero Otero, Martín       | Exclusiva  | Xuventude e Deportes        | 3.150,00 €      | 44.100,00 €   | 2.265,24 €      | 376.904,00              | 11.326,20 €                            |
| 6             | Durán Bermúdez, Salvador  | Parcial    | Persoal e Cidadá Seguridade | 2.400,00 €      | 28.800,00 €   | 2.040,00 €      | 339.427,00              | 8.160,00 €                             |

|  |                                 |         |                             |                    |                     |                    |                     |                    |
|--|---------------------------------|---------|-----------------------------|--------------------|---------------------|--------------------|---------------------|--------------------|
| 7  | Sanmartín Quiñones, Constantino | Parcial | Infraestructuras e Obras    | 2.400,00 €         | 28.800,00 €         | 2.040,00 €         | 339.428,00          | 8.160,00 €         |
| 8  | López Méndez, Manuel            | Parcial | Servizos Xerais e Medio Amb | 2.400,00 €         | 28.800,00 €         | 2.040,00 €         | 339.429,00          | 8.160,00 €         |
| 9  | Fernández Susana Trelles,       | Parcial | Facenda, Ecmía e Emprego    | 2.400,00 €         | 28.800,00 €         | 2.040,00 €         | 339.430,00          | 8.160,00 €         |
|  |                                 |         |                             | <b>27.250,00 €</b> | <b>362.300,00 €</b> | <b>20.747,20 €</b> | <b>3.452.046,00</b> | <b>95.576,00 €</b> |
| <b>NOTA: ESTA TABLA SE CORRESPONDE A RETRIBUCIONES ANUALES</b> |                                 |         |                             |                    |                     |                    |                     |                    |
| <b>LA NUEVA PROPUESTA TENDRÁ EFECTOS DEL 01/09/07</b>          |                                 |         |                             |                    |                     |                    |                     |                    |

SEGUNDO: Dar traslado deste acordo ao Parlamento de Galicia solicitando que se inste ao resto das corporacións municipais da Comunidade autónoma a que se sumen a esta iniciativa e fagan públicos os importes totais que perciben en concepto de retribucións os alcaldes e concelleiros. Ao mesmo tempo, naqueles municipios onde o alcalde non asume a responsabilidade do 100 % das competencias senón que as ten compartidas co grupo consorte froito dunha coalición, se lles inste a facer públicas as retribucións reais das dúas persoas nas que recaerá o 100 % das responsabilidades do concello.

Rematada a lectura o sr. Fernández Lores preguntou cal era o criterio para modificar as retencións das retribucións porque hai diferencias se as comparamos coa proposta acordada o 09.07.07 no Pleno.

A alcaldesa manifestou que o cálculo das retencións é estimativo dependendo da situación laboral dos concelleiros no primeiro semestre do ano.

O sr. Rodríguez Lorenzo manifestou que no propio Pleno vaise pronunciar con detalle sobre a súa postura, pero adiantou que pode haber irregularidades. Chegou a preguntarse quen é o inepto que estimou as deducións e que motiva que agora se propoñan soldos maiores, para algún concelleiro, que os acordados o día 09.07.07.

A alcaldesa reiterou que as deducións son estimativas e que se está a debater por cantidades e axustes mínimos. Rematou dicindo que é "o chocolate do loro".

O sr. Rodríguez Lorenzo manifestou que, no informe da intervención anterior ao Pleno día 09.07.07 e no que figura neste expediente, hai contradicións relacionadas coa cotización á seguridade social dos concelleiros con dedicación parcial.

A alcaldesa manifestou que estas respostas correspóndenlle ao interventor na sesión plenaria.

O sr. Fernández Lores anunciou a súa abstención xa que na proposta mixtúrase un acordo económico con outro político, e que iso non ten sentido.

O sr. Rodríguez Lorenzo anunciou o seu voto negativo manifestando os mesmos argumentos que o concelleiro nacionalista.

Sometido a asunto a votación (sistema de voto ponderado acordado polo Concello Pleno na sesión do 09.07.07) ofrece o seguinte resultado:

Votos a favor: Oito (Grupo municipal do P.P. e alcaldesa)

Votos en contra: Tres (Grupo municipal socialista de Sanxenxo e grupo mixto)

Votos pola abstención: Tres (Grupo municipal do B.N.G.)"\*\*\*\*\*".

Rematada a lectura a **Sra. Alcaldesa** reiterou que, como se había acordado na sesión plenaria do 9 de Xullo de 2007, as dedicacións parciais seguen a seren por 20 horas semanais, como mínimo, independentemente da baixada de contías.

De seguido polo **Sr. Rodríguez Lorenzo** dáse lectura a súa emenda, que literalmente di :

“\*\*\*\*\*”**Enmienda** que presenta el partido político **VIPS**, que de ser aceptada votará afirmativamente a la propuesta de la alcaldía, en el punto Nº 6 **“modificacións de asignacións económicas ou retributivas aos cargos electos con dedicación exclusiva e parcial”**.

Dado que en la propuesta de la Alcaldía a parecen cantidades brutas mensuales, brutas anuales, líquidas mensuales, líquido mensual en pesetas, total a cobrar en lo que resta del 2007, etc. Se propone la siguiente

### ENMIENDA

Que la cantidades que figuran como "IMPORTE ANUAL", de cada uno de los miembros que figuran con dedicación exclusiva o parcial, sea la cantidad total que resultará una vez sumados todos los conceptos a desembolsar por el Concello; entiéndanse cien por cien de las cuotas que se deban abonar desde el Concello a la Seguridad Social, I.R.P.F. de cada uno, contingencias comunes, desempleo, formación profesional, etc.

No debiendo entrar en las cantidades líquidas, que resultarían, puesto que solo serían estimativas al depender ello de las circunstancias personales de cada concejal""""".

A **Sra. Alcaldesa** manifestou que non apreciaba coa emenda modificacións substanciais en relación coa proposta do Grupo de Goberno. Solicitoulle ó Sr. Rodríguez Lorenzo que razoe en que se diferencia a emenda da proposta. O Sr. Rodríguez Lorenzo expuxo que dá a sensación de que ningures analizou as cifras do ditame a fondo. Engadiu, que a proposta é confusa e provoca verdadeiros "lios" interpretativos con cantidades brutas e líquidas, e con tipos de retencións variables. Rematou dicindo que hai que falar de custos para o concello e non de cantidades líquidas que non fan máis que confundir.

A **Sra. Alcaldesa** manifestou que a emenda é farragosa e non aporta nada. Engadiu que a proposta do equipo de goberno vai solucionar varias dúbidas interpretativas que había, lembrando que cando asumiu a alcaldía en decembro de 2006 non percibiu as cantidades que tiña fixadas o anterior alcalde precisamente porque había problemas interpretativos. Rematou dicindo que vai continuar para adiante coa súa proposta.

Pasouse a votación da emenda e ésta foi rexeitada.- Houbo **1 voto a favor** da mesma (**Grupo Municipal Mixto**); **13 votos en contra** (**Grupos Municipais do P.P. e B.N.G.**) e **3 abstencións** (**Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**).

De seguido, comezou o debate en sí da proposta do equipo de goberno, tomando a palabra o **Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto** que comezou dicindo que todo indicaba que o goberno ía utilizar o "rodillo" neste asunto. Detallou pormenorizadamente o artigo 75 da Lei 7/85, de 2 de abril, facendo fincapé no parágrafo 5 de dito artigo sobre a publicidade das retribucións que deben seren publicadas nun boletín oficial e no taboleiro de anuncios para indicar que isto xa é unha obriga sen máis e polo tanto a iniciativa de instar a que se publiquen as retribucións "e unha montaxe" porque xa o dispón a lei. Tras manifestar que a pesar de compartir escano durante anos todavía non coñecía o xeito de actuar da Sra. Alcaldesa, expuxo que fixo un estudo a fondo sobre os custos da cota patronal da Seguridade Social que conlevan as cinco dedicacións exclusivas engadindo que as cifras ascenden a un 32% aproximadamente das retribucións brutas. Afirmou que estes cálculos son necesarios para que os cidadáns coñezan cal é o custo dos políticos que lles gobernan.

Explicou que elaborou boletíns de cotización simulados e así o custo das cotas patronais da Seguridade Social dos membros da Corporación liberados chega a máis de 79.000 € anuais, que hai que engadir o custo da retribucións brutas. Lamentou que ningures fale destas cotas

patronais a cargo do Concello.

Lembrou que houbo corporacións no pasado (con gobernos do P.P. e do P.S.O.E.) nas que había concelleiros que traballaron con gran entrega e dedicación a pesar de non seren liberados, e comparou iso co que ocorre agora xa que tódolos integrantes do goberno queren cobrar.

Matizou que o P.P. fala de reformar a lexislación local criticando que se estableza o criterio do número de habitantes para fixar o soldo. Expuxo que na actualidade o alcalde de Vigo percibe 0,26 € por habitante, o de Pontevedra 0,81 € o de Ferrol 0,96 e a alcaldesa de Sanxenxo nada menos de 3,81 € por habitante. De seguirse esas cifras, aplicadas a Sanxenxo, en Vigo, o alcalde desta última cidade cobraría 1.117.000 €o ano e iso é unha barbaridade. Tamén criticou o sistema das retribucións polos orzamentos porque é moi subxectivo, xa que poden producirse “alteracións ou incluso falsificacións” para elevar as cifras e cobrar máis.

Cualificou como mala a proposta do goberno local, afirmando que non se pode xustificar a elevada contía das retribucións da alcaldesa coa explicación de que están incluídas as percepcións por seren presidenta dos organismo autónomos e das sociedades mercantís municipais (chegou a dicir que o que pretende cobrar de Nauta, S.L., Insula, S.L., etc sexa incluído nos orzamentos deste organismos) aínda que lembra o sistema de incompatibilidades.

Estimou que o goberno local sae con desculpas para xustificar o inxustificable e máis que de mal pagador esas desculpas son de “bo cobrador” e que agora a alcaldesa vai ter tempo para todo (asistir as comisións, ós espectáculos musicais, etc.).

Lembro que no pleno do 9 de xullo pasado xa pediu que non cometeran o erro de fixar unhas retribucións tan elevadas e que agora, en pouco máis dun mes, rectifican e baixan o soldos pola postura da oposición sendo o primeiro concello de España que dá esta marcha atrás. Lamentou que non se estimase a moción que fixo VIPS en materia de soldos dos políticos, e agora se veña proponendo que as cantidades sexan públicas cando isto xa ven indicado na normativa.

Criticou que a Sra. Alcaldesa non perciba as sinais que lle transmiten os membros da oposición e, porque pola velocidade inadecuada que leva, non se detén a analizar os asuntos.

Manifestou tamén, que entende cariñosamente que os membros con dedicación parcial estean molestos coas baixas (él entenderíase humillado, afirmou) xa que foron abochornados pola alcaldesa e son “faimerrir” dentro e fóra do concello someténdose as ordes da presidenta da corporación. Recalcou que algúns membros do goberno incluso merecen máis soldo, lembrando a súa profesión anterior (lembrou aquela frase de “onde vimos e a onde imos”).

Dixo tamén, que o máis triste é que a alcaldesa “pasa” do enfado xeral que hai no pobo xa que as baixas son unha imposición do P.P. que contemplan a ambición da Sra. González Bea.

Rematou a súa ampla intervención dicindo que o que hai que propoñer á Xunta é que os soldos sexan regulados por lei para que se saiba antes de acceder a un cargo canto se vai cobrar rematando así con aquel dito popular de : “aínda acaban de chegar e só van polos cartos”.

A **Sra. Aguín Pombo** voceira do **Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, manifestou que paréceulle sorpresiva a proposta da alcaldía e que se demostrou que o tempo dá e quita razóns, lembrando que xa no pleno do 9 de xullo advertira que a proposta inicial era escandalosa como así foi recollido a través dos medios de comunicación españois e incluso europeos. Dirixíndose ó voceiro popular, D. Ángel Casal Moldes, dixo que se antes a alcaldesa, descontándolle os gastos de representación, ía quedar cun soldo de auxiliar administrativo, agora coa baixa retributiva ía cobrar coma unha ordenanza, engadindo que continúa o disparate.

Matizou que o P.S.O.E. é partidario de que os cargos públicos sexan ben remunerados porque incluso un concelleiro/a liberado ten máis gastos polas funcións que realiza que polo traballo particular anterior. Cualificou como incomprensible que a Sra. González Bea non percibise os emolumentos do alcalde anterior, Sr. Martín González, cando ocupou a alcaldía.

Engadiu que é vergoñento que o grupo de goberno non rectifique pola postura dos veciños, senón porque así o impón o Partido Popular. Tamén dixo que o P.P. non podía consentir que a alcaldesa do Sanxenxo cobrase máis que o presidente da Deputación e presidente principal do partido, D. Rafael Louzán, cualificando o detalle como escandaloso e pouco digno.

Considerou innecesario trasladar o acordo ó Parlamento de Galicia para que os salarios sexan públicos xa que o goberno bipartito ven de aprobar a Lei de Transparencia e así aparecen na internet tódalas retribucións dos cargos autonómicos. Preguntou á presidencia canto cobran os alcaldes do P.P. de Meaño, Cambados, Meis, Ribadumia e Vilanova de Arousa porque hai opacidade, mentres que os datos dos alcaldes do P.S.O.E. (O Grove, A Illa) son coñecidos por todos. Tamén considerou que o 2º parágrafo do acordo contradicese porque o P.P. non goberna en Galicia e que ningures gaña este diñeiro como asalariado en Sanxenxo, onde hai persoas que non superan os 600 € mensuais por 40 horas semanais de traballo.

Manifestou que se isto ocorre nun país europeo con máis tradición democrática que o noso, a alcaldesa tería que marcharse polo bochorno que provocan estas decisións. Lembrou que ningures ten a obriga de ocupar cargos públicos xa que a presentación para estes postos é sempre voluntaria.

Rematou afirmando que hai que meditar mellor as cousas e anunciou o voto negativo do seu grupo polo espectáculo que se esta a dar, e porque considera disparatada a fixación duns soldos que seguen a seren moi elevados.

Tamén anunciou o voto negativo do **Grupo Municipal do B.N.G. Sr. Fernández Lores** denunciando que se mixture un acordo económico con outro político. Afirmou que pouco queda por dicir despois das intervencións dos compañeiros da oposición. Cualificou a proposta como “lieira” pois trátase de confundir á opinión pública con cantidades brutas, netas, líquidas, en pesetas, etc.... Indicou que se o acordo que se propón fose honesto e transparente aparecería con claridade o custo total das retribucións para as arcas municipais e se deixaría de “marear a perdiz” con cifras e máis cifras. Opinou, así mesmo, que hai unha falla de capacidade e de criterio á hora de presentar esta proposta e que resulta estraño que baixando unhas retribucións haxa, en algúns casos, máis retencións fiscais.

O **Sr. Fernández Lores** queixouse de que a presidencia esta interrompíndo a súa intervención ó facer xestos de desaprobación mentres falaba. A Sra. Alcaldesa respostoulle que, en

moitas ocasións, cando ela está no uso da palabra, o concelleiro nacionalista xesticula continuamente e non, por iso, deixa de falar. Recomendoulle tranquilidade ó concelleiro do B.N.G. cando retome a palabra e afirmou que por moito que eleve o ton de voz, non vai a ter máis razón ó expoñer os argumentos.

De novo tomou a palabra o Sr. Fernández Lores e tras manifestar que estaba moi tranquilo continuou a dicir que hai que botarlle rostro para chegar a esta situación. Insistiu en que hai algún caso de concelleiros que se lle baixa o salario pero se lle aumenta a retención (do 19 ó 27%) e iso é insólito nos libros de fiscalidade.

Engadiu que lle gustaría manter, unha conversa con antigos membros da anterior corporación que tiñan exclusivas pero que cobraban menos da metade dos novos concelleiros do P.P. que aínda non teñen experiencia. Refiriuse, por exemplo, a D<sup>a</sup>. Mónica Santamaría antiga concelleira de turismo que cobraba moito menos do que vai percibir a nova concelleira desta área que ademais terá a vantaxe de que vaise crear unha sociedade mixta para xestionar esta materia. Tamén citou ó novo concelleiro de urbanismo que vai triplicar o salario do anterior concelleiro deste área. Reflexionou sobre qué estarán pensando os antigos concelleiros do P.P. cando observen isto, parecéndolle normal que se plantexen que estiveron facendo “o parvo”, e reiterou que estaría moi interesado en presenciar unha xuntanza do P.P. local na que se tratase este tema das retribucións.

Rematou manifestando, en relación coa segunda parte da proposta, que o goberno local non ten nin a máis remota idea do que se trae entre mans.

A **Sra. Alcaldesa** manifestou que os antigos concelleiros do P.P. de Sanxenxo poderían falar co alcalde do B.N.G. de Pontevedra, D. Miguel Anxo Fernández Lores para que lle explique como é posible que o 100% das competencias duna concellería sexan exercitadas por dous concelleiros da capital da provincia (o Sr. Mosquera e a Sra. Casal) e canto suman as dúas dedicacións exclusivas que cobran ambos. Rematou dicindo que o custo destes pactos é moi elevado e o padecen os cidadáns.

O **Sr. Casal Moldes voceiro do Grupo Municipal do P.P.**, manifestou que para a oposición nada é válido pois se baixan as retribucións e seguen sen estar de acordo. Engadiu que tome a postura que tome o goberno municipal neste tema, a oposición só pensa en obter rédito político cun claro oportunismo e cunha falla total de criterio e de capacidade.

Matizou que o grupo popular foi transparente cos veciños antes, agora e sempre e así van a instar a outras corporacións para que fagan o mesmo.

Manifestou que os gobernos municipais formados por un pacto PSOE-BNG cústanlle moito máis ós veciños, e citou como exemplo ó Concello de Pontevedra onde as competencias da presidencia da corporación son exercidas pola alcaldía do BNG e por unha “vicealcaldía” do PSOE que cobra o 90% das retribucións do propio alcalde, facendo un total duns 120.000 € para o cargo.

Salientou que na retribución da alcaldesa de Sanxenxo están incluídas tódalas funcións que realiza como presidenta dos organismo autónomos e das sociedades mercantís cando outros alcaldes perciben diñeiro por asistiren as sesións deses organismos noutros concellos.

Tamén dixo que non son sumisos ás instrucións do P.P. e que constitúen un grupo moi unido e fiel. Afirmou que noutras bancadas non se pode dicir o mesmo, lembrando que na lexislatura anterior un concelleiro do B.N.G. quedouse no salón de sesións mentres os seus compañeiros abandonaban o acto, e que dous concelleiros electos do PSOE en maio pasado nin sequera tomaron posesión, preguntándose onde estaba o partido nestes casos. Recalcou que polo comentado nunca quixeron facer leña da árbore caída.

Rematou dicindo que seguirán apoiando a proposta, e manifestou que algún membro da oposición percibiu o venres pasado pola asistencia a tres comisións a cantidade de 810 € (comentou que nin chegaba puntual), salientando que neste caso non haxa críticas.

**O Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, criticou o feito de que o Sr. Casal Moldes “bote en cara”, para defenderse, o que gaña a oposición, afirmando que as asignacións por asistencia a sesións foron acordadas polo pleno.

Defendeu a retribución do alcalde de Pontevedra porque era un médico en exercicio lembrando, de novo, que hai que analizar a procedencia dos políticos para fixar as retribucións (“de onde vimos, e a onde imos”).

Respostoulle ó Sr. Casal Moldes decíndolle que legalmente os soldos teñen que ser transparentes e por iso se debaten nos plenos. Tamén lle dixo ó voceiro do Grupo Popular que non mideu as palabras porque trae intervencións preparadas que se converten en desfasadas no debate.

Insistiu en que a proposta da baixa nos emolumentos é do P.P. e o Grupo de Goberno é submisivo ás ordes do partido por enriba das opinións dos veciños de Sanxenxo.

Rematou dicindo que na proposta aparece soldos mixturados con temas políticos e que non vai apoiar o acordo que se propón.

**A Sra. Aguíñ Pombo voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, manifestou que as afirmacións do Sr. Casal Moldes rozan a “delincuencia” en sentido figurado e que no PSOE quén non está a gusto vaise lembrando que as actas de concelleiros/as pertencen as persoas e non ós partidos.

Tamén dixo que na anterior lexislatura houbo “cabreos” de membros do P.P. que quedaron fóra de comisións e algún concelleiro que cobraba sen aparecer polo concello, e o PSOE nunca entrou nestes temas.

Cualificou como “barriobajero” os argumentos do voceiro do PP comentando que D. Telmo Martín en Sanxenxo nunca ofreceu exclusivas á oposición sendo alcalde, e agora en Pontevedra si as solicita cando él forma parte da oposición na capital da provincia.

Solicitou ó Sr. Casal Moldes que traia ó pleno unha análise estatística dos concellos onde cobran tódolos integrantes do equipo de goberno, afirmando que o primeiro tenente de alcalde cobraba non sen traballo particular moito menos que o que vai percibir como concelleiro liberado, facendo extensivo isto a outros membros do goberno municipal.

Engadiu que “moralmente” isto non debe permitirse e deben utilizarse argumentos convincentes.

Rematou dicindo que se o baixada de soldos fora froito da recapitación, incluso podería estudar o apoio á mesma, pero asegurou que o único que se fai é obedecer o Sr. Núñez Feijóo aínda que isto se negue con hipocresías, estupideces e vaguedades.

O **Sr. Fernández Lores** manifestou que tiña o propósito de gardar as formas e respectar sempre ós membros do P.P. na corporación, pero que con actitudes como a do Sr. Casal perdeulle politicamente o respecto ós representantes do grupo popular que no lle merecen o máis mínimo aprecio. Engadiu que para él os concelleiros do PP son politicamente “despreziables”.

Tamén dixo que a intervención do Sr. Casal é froito dunha falla de argumentos para defender estes soldos, e que teñen que utilizar practicas “mafiosas” para xustificar os emolumentos.

Rematou dicindo que o Sr. Casal defraudoulle profundamente e que se atopa triste polo sucedido.

A **Sra. Alcaldesa** manifestou que sinte a tristura do Sr. Fernández Lores pero que non entende que lle moleste escoitar as verdades, lembrando canto teñen que aguantar os membros do P.P. coas frase que lles adican os membros da oposición.

Matizou que en Vilagarcía, en Vigo, en Pontevedra e incluso na Xunta de Galicia hai gobernos bipartitos en que aos salarios dos presidentes hai que sumar as cantidades que perciben os “vicealcaldes” ou o vicepresidente e que isto representa moito máis gasto.

Afirmou que o alcalde de Pontevedra tería experiencia como médico de quirófano e que menos mal que non era unha “estrela do fútbol”, pois senón tería que cobrar coas razóns expostas unha exclusiva millonaria.

Rematou dicindo que se utilizan argumentos demagóxicos anunciando que se ía someter o asunto a votación.

Sometido o asunto a votación acadouse o seguinte resultado:

Votos a **favor do ditame: 9 (Grupo Municipal do PP).**

Votos en **contra do ditame: 8 (Grupos Municipais do B.N.G, Socialistas de Sanxenxo e Mixto ).**

En consecuencia, a Corporación Municipal en Pleno, por maioría, adoptou o acordo previsto no ditame nos seus propios termos.-----

E non habendo máis asuntos dos que tratar, a presidencia da por rematada a sesión sendo as vintedúas horas, de todo o que, eu Secretario, **DOU FE :**